

A close-up portrait of Najla Shami, a woman with dark hair and light-colored eyes, looking directly at the camera. She is wearing dark eye makeup and pink lipstick. The background is dark.

Vive o camiño

2018

Najla Shami
Camiños de culturas

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS.
FORMATO DÚO: VOZ E GUITARRA

NAJLA SHAMI É A VOZ DA INTERCULTURALIDADE. FILLA DE TRES CULTURAS: ARXENTINA, PALESTINA E GALEGA, A SÚA VOZ É REFLEXO DA INTERCULTURALIDADE. NESTE ESPECTÁCULO FARÁ UNHA SELECCIÓN DE REPERTORIO MOI ESPECIAL QUE FUSIONARÁ A MÚSICA DOS MÁIS DIVERSOS LUGARES.

ACOMPÑADA POLO GUITARRISTA SÉRGIO TANNUS, XUNTOS CONSEGUIRÁN QUE AS COMPOSICIÓNS DE MÚSICA GALEGA TEÑAN UN CARÁCTER ÉTNICO QUE NAVEGARÁ ENTRE A MÚSICA AFRICANA, BRASILEIRA E O JAZZ, SUMADO AO SABOR MÁIS ORIENTAL DAS LETRAS E DA VOZ DE NAJLA SHAMI. UNHA COMBINACIÓN MOI FRESCA E SINGULAR.



NAJLA SHAMI

CANTORA E COMPOSITORA, CRECEU ENTRE GALIZA E KUWAIT. INTERESADA POLA MÚSICA DESDE A INFANCIA, COMEZA A ESTUDAR E CANTAR CON 9 ANOS, FACENDO PARTE DE DIVERSOS COROS POLIFÓNICOS E FORMACIÓNS DE MÚSICA TRADICIONAL GALEGA. NESA ALTURA CREA AS SÚAS PRIMEIRAS CANCIÓNS, MAIS É AOS 17 ANOS, IDADE Á QUE EMPEZA A TOCAR A GUITARRA, CANDO AS SÚAS COMPOSICIÓNS VIRAN MÁIS PERSOAIS E A SÚA VOZ VESE INFLUENCIADA POR ESTILOS COMA O JAZZ, FUNK E WORLD MUSIC.

EN 1997 DECIDE ESTUDAR MÚSICA MODERNA E EDUCACIÓN MUSICAL AFONDANDO NA TÉCNICA VOCAL E NA SÚA PEDAGOXÍA, ACTIVIDADE QUE A LEVARÁ A PAÍSES COMA NORUEGA, EUA, XORDANIA, KUWAIT, INDIA, INGLATERRA, PORTUGAL E ESPAÑA.

ENTRE 2003 E 2011 COLABORA NA PUBLICACIÓN DE DIVERSOS TRABALLOS: THE PAST TO COME (ENTERPHONICS, 2003), COA BANDA DE ACID-JAZZ CINNAMON GUM; BEN DEITEI (OUVIRMOS, 2010), COA SAFARI ORQUESTRA; E HAIKUS (INQUEDANZAS SONORAS, 2011), CON LOBALÚ, ENTRE OUTROS.

GRADUALMENTE INCORPORA NOVAS INFLUENCIAS NA SÚA LINGUAXE, ACHEGANDO SONORIDADES DE PORTUGAL, BRASIL E ÁFRICA QUE MESTURA COAS SÚAS RAÍCES E CO JAZZ, E IMPRIMEN UNHA PROFUNDA PEGADA NA SÚA EVOLUCIÓN.

O SEU PRIMEIRO TRABALLO EN SOLITARIO PUBLICOUSE NO 2013, O DISCO-LIBRO NA LINGUA QUE EU FALO (EDITORIAL GALAXIA), UNHA ELEGANTE E PROFUNDA MIRADA SOBRE OS POEMAS DA POETISA GALLEGA ROSALÍA DE CASTRO. NESTA OBRA, A COMPOSITORA GALEGO-PALESTINA REÚNE O SEU BACKGROUND MUSICAL PARA CONFORMAR UN TRABALLO ELEGANTE, ÍNTIMO E DELICADO. FOI SELECCIONADA COMO UNHA FINALISTA NOS XIII PREMIOS OPINIÓN DE MÚSICA FOLK NAS CATEGORÍAS DE MELLJOR NUEVA ARTISTA E MELLJOR TEMA ORIXINAL.

NO ANO 2016, GUIADA POLA SÚA CRECENTE CURIOSIDADE E A NECESIDADE DE APRENDER MÁIS SOBRE AS SÚAS RAÍCES, DECIDE TRASLADARSE POR 8 MESES A XORDANIA E UNIRSE AO NATIONAL MUSIC CONSERVATORY PARA CURSAR AS MATERIAS DE CANTO ÁRABE E TEORÍA DA MÚSICA ORIENTAL E A CRESCENDO MUSIC & ART ACADEMY, ONDE SE INICIOU NO LAÚDE ÁRABE E IMPARTÍU WORKSHOPS E CLASES DE TÉCNICA VOCAL.



SÉRGIO TANNUS

SÉRGIO TANNUS É UN DOS ARTISTAS MAIS COMPLETOS DA SAFRA BRASILEIRA. AUTODI-DACTA, VIRTUOSO EN INSTRUMENTOS VARIADOS, COMO GUITARRAS, VIOLÕES, BAIXOS, CAVAQUINHO, BANDOLIM E PERCUSIÓNS, O MÚSICO FOISE PERFECCIONANDO NA PROCURA DE NOVAS SONORIDADES, ALIADAS ÁS INFLUENCIAS UNIVERSAIS, SEN ENTRETANTO DEIXAR DE LADO AS SÚAS RAÍCES BRASILEIRAS. DESDE O 2006 VIVE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, EN GALICIA, DESDE ONDE ESTÁ A DIVULGAR O SEU TRABALLO COMO MULTI-INSTRUMENTISTA E CANTAUTOR POR VARIOS PAÍSES DE EUROPA.

DESDE A SÚA CHEGADA A GALICIA, VEN COMPARTINDO EXPERIENCIAS E COLABORACIÓNS, COMO MÚSICO ACOMPAÑANTE E/OU PRODUTOR MUSICAL, CON ARTISTAS COMO UXÍA, ANTONIO ZAMBUJO, CARLOS DO CARMO, CHICO CESAR, LENINE, JOÃO AFONSO, KEPA JUNKERA, ENTRE MOITOS OUTROS. ALÉN DISO, TAMÉN CO-PRODUCIU E GRAVOU VARIOS CDS INFANTÍS DE MOITO ÉXITO EN GALIZA (COMO "MARIA FUMAÇA" E "ROSALÍA PEQUENIÑA" AMBOS XUNTO Á CANTANTE E PRODUTORA UXÍA) E PRODUCIU "PITUSA SEMIFUSA" (DE OLGA BRAÑAS). TAMÉN ACTUOU CO SEU TRÍO EN OBRAS TEATRAIS COMO "ORDEM E PROGRESO", XUNTO AO GRANDE HUMORISTA E MONOLOGUISTA CARLOS BLANCO.

DESDE XULLO DE 2013, TANNUS AGREGOU AO SEU VASTO CURRÍCULO MUSICAL OUTRO IMPORTANTE PROXECTO, ACEPTANDO A INVITACIÓN DE FORMAR PARTE DA BANDA E XIRA MUNDIAL DA CANTANTE DULCE PONTES, UNHA DAS MAIS SIGNIFICATIVAS E COÑECIDAS VOCES DE PORTUGAL E DO MUNDO.

DESPOIS DE NUMEROSOS TRABALLOS E COLABORACIÓNS CON OUTROS ARTISTAS, PROPON-NOS O PROXECTO DO SEU NOVO DISCO, SON BRASILEGO, UN TRABALLO DE GRAN PORTE E NUMEROSOS COLABORADORES, ONDE ESTÁ APOIADO, COMO SEMPRE, POLA FORMACIÓN BASE QUE CONFORMA A SÚA BANDA HABITUAL.